

## **BASES PARA A SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS E BENEFICIARIAS DO PROXECTO LUGOQUALITAS 3 (PROGRAMA LEONARDO DA VINCI). Código de proxecto 132410015) (Aprobadas por Decreto 14008520 de 18/09/2014).**

O Programa Leonardo da Vinci contribúe á aplicación da política de formación profesional na Comunidade Europea, representando unha axuda e complemento das accións realizadas polos estados membros nesta materia (art. 150 do TUE).

O Concello de Lugo, no marco do proxecto **“Formación europea para a cualificación da mocidade lucense, Lugoqualitas 3”**, ao abeiro do Programa de mobilidade Leonardo da Vinci, promove a concesión de axudas para a realización de prácticas laborais de 14 semanas de duración en empresas de Austria, Reino Unido e Italia, dirixidas a mozos e mozas con titulación universitaria e no eido da formación profesional.

### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a selección de 30 persoas beneficiarias do proxecto “Lugoqualitas 3”, de axudas para estancias no estranxeiro coa finalidade formativa-profesional, a través da realización de prácticas en empresas de Austria, Reino Unido e Italia, no marco do Programa de acción comunitaria en materia de formación profesional e aprendizaxe permanente Leonardo da Vinci. As devanditas estancias teñen como fin prioritario conseguir a especialización profesional dos beneficiarios e beneficiarias aumentando as súas posibilidades de inserción/reinserción no mercado de traballo, permitíndolles adquirir novas habilidades e experiencias profesionais.

### **2.- CARACTERÍSTICAS DAS ESTANCIAS**

**2.1.** O número de estancias que se convocan é o seguinte:

<b>NÚMERO DE PARTICIPANTES</b>	<b>CIDADE</b>	<b>PAÍS</b>
10	Viena	Austria
10	Belfast	Reino Unido
10	Florenzia	Italia
<b>TOTAL N° participantes</b>		<b>30</b>

**2.2** A duración das estancias será de 14 semanas. As 3 primeiras corresponden a un curso intensivo de idioma do país, e as 11 semanas restantes ás prácticas profesionais en empresas, de acordo co perfil das persoas beneficiarias. O inicio das estancias prevese a partir do mes de xaneiro de 2015.

**2.3.** A designación das empresas nas que se efectuarán as prácticas decidirse en colaboración cos socios intermediarios do Proxecto Lugoqualitas 3, á vista do perfil das persoas seleccionadas, e preferentemente con carácter previo á partida das persoas beneficiarias.

**2.4.** Durante a súa estancia nos países de destino, as persoas beneficiarias contarán cun titor ou titora, que fará un seguimento continuado da súa formación co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

**2.5.** As prácticas nas empresas do país de destino non darán lugar a percibir ningunha remuneración nin constituirán relación laboral de ningún tipo con elas, nin co Concello de Lugo.

### **3.- DOTACIÓN DAS AXUDAS**

**3.1.** As axudas para a realización de prácticas correspondentes ao Proxecto Lugoqualitas 3, baseándose nas condicións establecidas polo Programa Leonardo da Vinci corresponden aos seguintes conceptos:

- Viaxe de ida e volta: 250 euros
- Aloxamento no país de destino.
- Desprazamento desde o aeroporto e/ou estacións de autobuses ou tren, ao aloxamento no país de destino.
- Seguro de asistencia en viaxe.
- Preparación lingüística no país de destino.
- Titorización das prácticas profesionais nas empresas do país de destino.
- Xestión dos certificados oficiais correspondentes.
- Busca de empresas para realización das prácticas profesionais.
- Dotación económica de 450 euros.

**3.2.-** A xestión e contratación da viaxe será a cargo das persoas beneficiarias, que deberán presentar á volta das estancias a oportuna documentación (billetes, xustificantes de pagamento, tarxetas de embarque, etc.) para poder recibir a subvención destinada a tal fin.

**3.3.-** O importe para gastos de aloxamento, así como para seguros, preparación lingüística, titorización, busca de empresas, desprazamentos desde os aeroportos e estacións, e preparación dos distintos certificados serán xestionados directamente polo Concello de Lugo en colaboración coas organizacións sociais intermediarias nos países de destino.

**3.3.** A dotación económica de 450 euros será aboada a través de transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola persoa beneficiaria, ao comezo da estancia formativa.



**3.4.-** A formalización de cada unha das axudas realizarase mediante a sinatura da persoa beneficiaria, o promotor, o socio intermediario no país de destino, de acordo co modelo normalizado e nos termos establecidos polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos.

#### **4.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS E BENEFICIARIAS**

As persoas beneficiarias do programa Lugoquálitas 3 deberán:

- Seguir as normas da organización de acollida, respectar os seus horarios de traballo, os regulamentos en vigor e as disposicións legais relativas ao segredo profesional.
- Informar previamente e no prazo máis breve posible ao Concello de Lugo no caso de renunciar ás prácticas por causas maiores. Serán a cargo do beneficiario ou beneficiaria os gastos nos que incorra durante o seu período de estancia no caso de regreso voluntario non xustificado por causa de forza maior.
- Asumir os gastos que non se atopen subvencionados no marco destas estancias.
- Asistir ás reunións de preparación que se establezan, realizar a preparación lingüística estipulada no marco da estancia.
- Elaborar e introducir na aplicación informática establecida polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos o informe ou memoria da estancia realizada nun prazo non superior ás 2 semanas tras a súa finalización.
- Cumprir co programa de traballo previsto consensuado entre o Concello de Lugo, o organismo intermediario e o organismo de acollida, e comunicarlles ao titor ou titora e ao Concello de Lugo calquera incidencia que se produza durante o período de prácticas.

#### **4.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS E CANDIDATAS**

4.1.- Poderán concorrer á concesión das axudas de **Lugoqualitas 3** as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea, ou nacionais doutros países con residencia legal e permanente en España.
- b) Posuír un título oficial dunha formación profesional de grao superior, ou un título universitario oficial (grao, diplomatura, licenciatura ou equivalente).
- c) Estar empadroadado/a na cidade de Lugo con anterioridade á publicación desta convocatoria.
- d) Posuír un nivel medio no idioma inglés, ou/ no idioma oficial do país de acollida, equivalente a B1 que corresponde ao nivel chamado de “supervivencia” en lingua estranxeira, e que ademais é o esixido ós titulados no Espazo Europeo de Educación Superior.
- e) Idade comprendida entre os 18 e os 35 anos (a idade mínima deberá posuírse no momento de presentación da solicitude, e a máxima deberá terse ata o momento de remate da mobilidade).
- f) Non ter sido beneficiario ou beneficiaria anteriormente dunha axuda do Programa Leonardo da Vinci.
- g) As demais establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, e aplicables neste caso.

#### **5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

##### **5.1. Solicitudes e documentación anexa**



As solicitudes formalizaranse no modelo oficial, dispoñible no Espazo>lab, Centro de Formación e Orientación Laboral do Concello de Lugo, sito na avda. da Coruña, 500 (antigo cuartel de Garabolos), no Servizo de Atención Cidadá do Concello de Lugo, así como poderá descargarse das páxinas web:

[www.lugo.es/espazolab](http://www.lugo.es/espazolab)

[www.lugo.es/europedirect](http://www.lugo.es/europedirect)

Na folla de solicitude, as persoas interesadas marcarán o país de destino no que desexan realizar as prácticas, por orde de preferencia.

As solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

1. Copia autenticada ou fotocopia do DNI (neste caso deberase acompañar do orixinal para ser compulsado).
2. *Curriculum vitae* en castelán e inglés (formato europeo)
3. Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para ser compulsada) da titulación académica requirida, ou do pagamento do seu depósito.
4. Certificado expedido polo INEM no que conste a situación de desemprego e/ou tempo que leva inscrito (se é o caso).
5. Certificado ou volante actualizado de empadramento na cidade de Lugo, no que se acredite que a data de empadramento é anterior á publicación das bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.
6. Escrito dirixido á Concelleira de Educación, Formación e Orientación Laboral do Concello de Lugo, explicando razoadamente o interese e motivación para participar no proxecto (máximo un folio).
7. Declaración responsable de non ser beneficiario/a doutra axuda do Programa Leonardo da Vinci, de posuír un nivel mínimo de coñecemento do idioma inglés equivalente a B1, e de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
8. Calquera outra documentación que a persoa solicitante estime pertinente para a óptima baremación da súa candidatura.

Serán causas de exclusión a demostración da falsidade documental a non correspondencia dos orixinais e a incorrección na documentación presentada.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

## 5.2. Lugar de presentación

As solicitudes, xunto coa documentación adicional requirida, deberán presentarse conforme aos modelos oficiais no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, sito na ronda da Muralla, número 197, ou en calquera das formas establecidas na Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## 5.3. Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte da publicación destas bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

## 6.- COMISIÓN DE VALORACIÓN TÉCNICA

### 6.1. Composición da comisión



A avaliación da solicitudes realizarase por unha Comisión de Valoración Técnica constituída para o efecto, que estará integrada por tres persoas técnicas con experiencia na implementación de proxectos europeos.

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes. Todos os membros do tribunal terán voz e voto.

O nomeamento dos membros da Comisión de Valoración Técnica realizarase por Decreto da Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, e deberá posuír, en calquera caso, titulación igual ou superior á esixida para o acceso a esta convocatoria.

## **6.2. Incorporación de asesores e persoal de colaboración**

A Comisión de Valoración Técnica poderá dispoñer á incorporación de persoal asesor naqueles traballos que demanden oír a opinión de persoal técnico especialistas, así como das e dos colaboradores.

## **7.- SISTEMA DE SELECCIÓN**

O sistema de selección de beneficiarios/as constará de dúas partes: unha valoración de méritos e unha entrevista persoal.

### **7.1 Baremo de méritos**

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 10 puntos, cos seguintes criterios de valoración:

- Titulación en Administración e Dirección de Empresas, Ciencias e Tecnoloxía (incluíndo as enxeñerías e as TICs), Humanidades, Veterinaria e Educación: 4 puntos
- Persoas que teñan cursados os seus estudos universitarios no campus de Lugo ou en centros de formación profesional da cidade de Lugo: 2 puntos
- Persoas en situación de desemprego: 2 puntos
- Persoas sen experiencia laboral previa no sector no que se realizarán as prácticas: 2 puntos. (Deberá xuntarse certificado de vida laboral actualizado para poder ser valorado)

### **7.2. Entrevista persoal**

A entrevista persoal terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos e formación acreditada no currículo, en relación co contido das prácticas que se van realizar.

Unha parte da entrevista persoal realizarase no idioma inglés para acreditar que se posúe capacidade lingüística suficiente para poder desenvolverse no contorno dos países de destino.

A entrevista persoal poderá ter carácter grupal para poder apreciar a capacidade de interacción das e dos candidatos.

A entrevista persoal terá unha puntuación máxima de 10 puntos.

No caso de igualdade de puntuación entre candidatos e candidatas, establécese a seguinte orde de preferencia:

1º.- Persoas con maior tempo de inscrición como demandantes de emprego, no Servizo Público de emprego de Galicia.

2º) Persoas que realizaran os seus estudos no campus de Lugo e/ou en institutos da cidade de Lugo.

3º) Maior idade.

En cumprimento do establecido no proxecto Lugoquálitas 3, aprobado polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos, no proceso de selección, terase en conta unha igual participación de mulleres e homes. Ademais no caso de que se presenten candidatas/as con situación económica



desfavorecida e a participación no programa sexa a única oportunidade de ter unha experiencia deste tipo, o equipo de selección considerará esta situación de maneira que favoreza a súa selección.

### 7.3 . Proceso selectivo

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á comprobación do cumprimento dos requisitos de participación, e a Comisión Técnica de Valoración realizará a baremación dos méritos acreditados das e dos aspirantes e que completaron a documentación esixida coa solicitude, e publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello a resolución coas persoas admitidas e excluídas para tomar parte no proceso selectivo, así como a puntuación obtida na baremación e as causas de exclusión, se é o caso. Outorgarase un prazo de tres (3) días naturais desde a súa publicación para que as persoas interesadas poidan presentar as súas alegacións e/ou emendar os erros correspondentes. Transcorrido o devandito prazo, procederase a publicar a resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, coa causa de exclusión, se é caso.

Rematado o prazo de alegacións e unha vez publicadas as listas definitivas de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo a Comisión Técnica de Valoración citará para a realización da entrevista persoal.

As citacións para as entrevistas realizarase a través da publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e nas páxinas web: [www.lugo.es](http://www.lugo.es); [www.lugo.es/espazolab](http://www.lugo.es/espazolab); [www.lugo.es/europedirect](http://www.lugo.es/europedirect)

A cualificación final (máximo 20 puntos) virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no baremo de méritos e na entrevista persoal.

### 7.4. Proposta de selección e resolución

Unha vez determinada a cualificación final, a Comisión de Valoración Técnica do Proxecto Lugoquálitas 3 propondrá a listaxe de persoas seleccionadas como beneficiarias e a listaxe de reserva en función da súa cualificación final, á Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación quen resolverá.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas beneficiarias das estancias formativas, designando ademais suplentes, en orde de prioridade.

## 8.- ACEPTACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

- No prazo de tres (3) días naturais seguintes ao da publicación, as persoas beneficiarias deberán comunicar por escrito ou a través do correo electrónico a súa aceptación.

Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase como renuncia e recorrerase á lista de reserva.

Así mesmo, as persoas aspirantes seleccionadas deberán achegar no prazo que se sinale a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta sanitaria europea
- 2 fotos tamaño carné
- Condicións xerais do programa asinadas
- Formulario de aloxamento
- Formulario de prácticas.



## **9.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES NO TRANCURSO DAS PRÁCTICAS**

A renuncia á bolsa por parte da persoa beneficiaria unha vez iniciado o goce desta deberá ser comunicada ao Concello de Lugo. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non desfrutada. Ademais esixirase o reembolso de todos os gastos efectuados polo Concello de Lugo en relación con todas as actividades contempladas pola bolsa.

O persoal técnico e facultativo que coordine e dirixa as persoas beneficiarias poderá propoñerlle ao Concello de Lugo a revogación das bolsas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas con base nun informe debidamente motivado podendo anular os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houberse.

A adxudicación da bolsa será igualmente revogada total ou parcialmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

## **10.- RECURSOS**

A resolución da adxudicación pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 109 da Lei 30/92, do 26 de novembro, e contra ela cabe interpor recurso de reposición no prazo dun mes desde a notificación ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación referida ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

A resolución do procedemento farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, así como calquera outra notificación ou requirimento, a través do Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e nas páxinas web [www.lugo.es/espazolab](http://www.lugo.es/espazolab); [www.lugo.es](http://www.lugo.es); [www.lugo.es/europedirect](http://www.lugo.es/europedirect)

Lugo, 26 de setembro de 2014

